



Nota de prensa.- Presentación revista APDR

Co obxectivo de dar publicidade á Marcha contra CELULOSAS que terá lugar o vindeiro sábado 5 de xuño, a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) ven de editar una revista que recolle de forma breve (21 textos, 1 debuxo e varias fotografías) o apoio dunha serie de persoas á Marcha. Trátase de persoas que teñen como nexo común o seu vencello á comarca de Pontevedra, e que desde as súas diferentes posicións sociais e profesionais, aspiran -por distintos motivos- a ver máis pronto que tarde a recuperación da Ría e a desaparición dun complexo industrial que deu ao traste coas posibilidades de desenvolver un modelo económico baseado nas potencialidades da nosa Ría. Na APDR somos conscientes de que non están todas as persoas que polo seu compromiso na defensa do noso medio natural poderían estar dando respaldo ao noso traballo cos seus escritos; non sería posible facelo. Mesmo temos que confesar que, de forma consciente, deixamos fóra a aquelas persoas que maior grado de vinculación persoal teñen coa APDR, un criterio sen dúbida inxusto, pero sabemos da xenerosidade das persoas que nos apoian e do seu desinterese nese apoio. Pedimos en calquera caso desculpas de antemán polos criterios utilizados para a selección do persoal, pois fosen os que fosen habían deixar moita xente fóra e, xa que logo, habían ser inxustos.

Agardamos a presenza do voso medio de comunicación no acto de presentación da revista, que terá lugar mañán MARTES día 1 de xuño ás 19:30 horas na praza da Peregrina, na que estaremos distribuindo información para a Marcha e onde procederemos á distribución da citada revista.

Co agradecemento adiantado pola vosa resposta ao noso chamado, recibide un saúdo

Antón Masa, presidente da APDR.